

Abanca e os empresarios da construción da Coruña asinan un convenio con novas fórmulas para acceder ao crédito

- **Os empresarios aumentarán a súa competitividade no sector, xa que poderán ofrecer aos seus clientes alternativas para aprazar pagos**
- **O acordo pon a disposición dos asociados numerosas opcións de financiamento, grazas a produtos propios e convenios con organismos públicos**

ABANCA e a Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (APECCO) veñen de asinar un novo convenio financeiro co obxectivo posto en mellorar o acceso ao crédito dos autónomos e pemes de toda a provincia.

O presidente dos construtores coruñeses, Diego Vázquez Reino, e o coordinador de Negocio Institucional de ABANCA na Coruña, José Manuel Vilariño, rubricaron un acordo que renova a aposta que mantén a entidade financeira co tecido empresarial da Coruña.

O novo documento facilita que os empresarios asociados á organización accedan a unha ampla oferta financeira con condicións moi vantaxosas respecto ao mercado. Así, poderán contratar produtos como **pólizas de crédito, préstamos persoais e hipotecarios, leasing mobiliario, anticipos (sen xuros ou comisións), avais ou liñas de desconto comercial**. Do mesmo xeito, os empresarios poderán acceder ás **liñas de financiamento oficial** do ICO e Igape, así como aos programas de crédito canalizados a través da sociedade de garantía recíproca Afigal.

O acordo garda un importante espazo para impulsar as obras que contribúan á mellora da eficiencia enerxética dos fogares e negocios, grazas ao **Plan Activamos** asinado coa Deputación da Coruña.

Ademais, co fin de facilitar a competitividade dos asociados no mercado, os clientes poderán beneficiarse do servizo de financiamento no punto de venta de ABANCA, o chamado **APLAZOS**. Deste xeito, é posible simplificar e axilizar o financiamento instantáneo de produtos e servizos. Do mesmo xeito, os empresarios adheridos poderán acceder ás vantaxes que ofrece o **Programa Cero Comisións de ABANCA**, que permite deixar de pagar polo mantemento das contas e tarxetas, pero tamén polas transferencias, ingresos de cheques ou outros servizos habituais.

APECCO, constituída no ano 1977, é unha organización que agrupa as principais empresas da construción de Galicia e engloba actividades afines ao sector como son a promoción de vivendas, reformas e rehabilitación, enxeñeiras, servizos e materiais de construción, etcétera.

ABANCA, pola súa parte, conta coa rede máis extensa de oficinas en Galicia e cunha oferta especializada para pemes, micropemes e autónomos.